


**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 29.04.2016 Hora: 10:30



A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 29 de abril de 2016, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia en Comisión

- 1.1 49578 (09/CPC-000321)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do secretario xeral de Política Lingüística, por petición propia, para informar das actividades de promoción e dinamización da lingua galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 635, do 20.04.2016

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

- 2.1 45260 (09/POC-006637)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón e Ron Fernández, José Javier
Sobre o número de centros educativos públicos galegos con baixa matrícula
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 586, do 21.01.2016
- 2.2 45842 (09/POC-006787)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación do denominado Bacharelato Internacional nas provincias de Lugo e Ourense, así como o aproveitamento das aulas Mentor para facilitar a formación do profesorado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 595, do 04.02.2016
- 2.3 49316 (09/POC-007363)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio e 6 máis
Sobre a inclusión, na listaxe de vacantes para o Concurso xeral de traslados entre o persoal funcionario docente do ano 2016, dunha praza da



22 ABR. 2016

Núm. 21722

especialidade de "Conservación e Restauración de Documento Gráfico " na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 631, do 14.04.2016

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión

3.1 49008 (09/PNC-004090)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incluír no currículo de Galicia a elaboración de unidades didácticas e materias curriculares para o estudo e a difusión dos valores patrimoniais da Ribeira Sacra

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 626, do 06.04.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2016

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar, na data 22/04/2016 10:49:10

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Moisés Blanco Paradelo

P

Secretario

Emilio Vázquez Blanco

S

Vogais

Agustín Baamonde Díaz

P

María Concepción Burgo López

S

María Teresa Cancelo Márquez

P

Sandra María Devesa Bouzas

P

Ricardo Vicente Docasar Docasar

S

Hipólito Fariñas Sobrino

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carmen Iglesias Sueiro

M

Ambrosio Oróns Baña

P

Cosme Eladio Pombo Rodríguez

BNG

Ramón Vázquez Díaz

AGE

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 29.04.2016

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 29.04.2016

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 49578(09/CPC-000321)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do secretario xeral de Política Lingüística, por petición propia, para informar das actividades de promoción e dinamización da lingua galega



Publicación da iniciativa, 635, 20.04.2016



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia –a petición propia- ante a Comisión 4ª, Educación e Cultura, do secretario xeral de Política Lingüística para informar “**das actividades de promoción e dinamización da lingua galega**”.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.04.2016

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 29.04.2016

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 45260(09/POC-006637)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón e Ron Fernández, José Javier

Sobre o número de centros educativos públicos galegos con
baixa matrícula

Publicación da iniciativa, 586, 21.01.2016

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández**, membros do **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta en Comisión IV**, sobre o número de centros educativos públicos galegos con baixa matrícula.

No inicio do curso 2015/2016 , o Goberno Galego continuou co desmantelamento da rede de centros de ensino públicos de Galicia, situando ás vilas e pobos do rural galego nunha situación de verdadeira alerta educativa.

Trece escolas, 82 aulas e 122 prazas de profesorado desaparecerán do sistema educativo público galego no vindeiro curso. Eses son os datos que publicaba o Diario Oficial de Galicia o pasado 21 de xullo na orde de catálogos de educación infantil e primaria e que ofrece os seguinte resultado por provincias:

- Na provincia da Coruña pechan sete escolas, en Cambre, Fene, Lousame, Ordes, Oleiros, Ortigueira e Paderne. Haberá 19 aulas de educación infantil menos, 14 menos de primaria e 50 profesores e profesoras menos.
- Na de Lugo, pechan escolas en Doiras (Cervantes) e Oural. Haberá tres aulas de educación infantil menos, unha menos de educación primaria, tres menos de educación especial e eliminaranse 9 profesores e profesoras.
- Na de Ourense, pecha a escola de Calvos de Randín e desaparecen seis aulas de educación infantil, seis de primaria e 20 prazas de profesorado.
- Na de Pontevedra, pechan escolas nas Neves, en Poio e en Vilagarcía de Arousa. Dezasete aulas menos en educación infantil, 13 en primaria e 43 profesoras e

profesores

menos.

O balanço aterrador dos seis anos de Goberno de Alberto Núñez Feijóo no que respecta ao ensino galego, resúmese nas seguintes cifras: 532 aulas suprimidas e 103 escolas eliminadas, todo un récord na historia do noso país que sitúa ao noso medio rural nunha clara situación de marxinação educativa.

Ademais do peche de escolas e aulas e da supresión de profesorado, case o 50% dos concellos da provincia de Lugo e Ourense teñen alumnado de diferentes idades e cursos mesturados na mesma aula, un feito ao que se engade a masificación de moitas aulas onde se superan claramente as rateos establecidas.

Lonxe de activar medidas para previr o peche de centros o Goberno Galego ratifícase na súa intención de pechar calquera centro que conte con cinco ou menos alumnos ou alumnas matriculados.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión:

- Que centros públicos de ensino da provincia de A Coruña contan no presente curso con 10 alumnos/as ou menos matriculados?.
- Que centros públicos de ensino da provincia de Lugo contan no presente curso con 10 alumnos/as ou menos matriculados?.
- Que centros públicos de ensino da provincia de Ourense contan no presente curso con 10 alumnos/as ou menos matriculados?
- Que centros públicos da provincia de Pontevedra contan no presente curso con 10 alumnos/as ou menos matriculados?

En Compostela, a 11 de xaneiro do 2016.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2016 12:10
Nº Rexistro: 45260
Data envío: 11/01/2016 12:10:40.115

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 11/01/2016 11:59:52

Jose Javier Ron Fernandez na data 11/01/2016 12:00:00

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 29.04.2016

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 45842(09/POC-006787)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implantación do denominado Bacharelato Internacional nas provincias de Lugo e Ourense, así como o aproveitamento das aulas Mentor para facilitar a formación do profesorado

Publicación da iniciativa, 595, 04.02.2016



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e Emilio Vázquez Blanco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Nas últimas semanas teñen acontecido toda unha serie de circunstancias na vida política do noso país que poden e deben facer “mudar as formas de facer política”.

Lamentablemente estamos moi acostumados ao longo dos últimos anos a que se faga política (ou mellor dito mala política) sen escoitar absolutamente nada do que din os diferentes grupos da oposición, cousa que vén de ser duramente castigada nas últimas eleccións xerais, pois o voto da cidadanía deixou moi claro que ninguén contará coa maioría absoluta para impoñer os seus criterios en solitario.

Iso acaba de acontecer no conxunto do Estado, e son dos que pensa que acontecerá tamén a finais de ano na nosa comunidade autónoma.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que o Goberno galego e o partido que o sustenta no Parlamento deben empezar a cambiar determinadas actitudes e deben facelo canto antes, e precisamente por iso queremos darlle ao Goberno galego a oportunidade de empezar a rectificar esas condutas que a cidadanía castigou con dureza nas últimas eleccións desenvolvidas no noso país, tanto nas xerais como nas municipais.

Meses atrás, intentamos convencer ao Goberno galego e ao Grupo Popular da necesidade de implantar o denominado bacharelato internacional de maneira equilibrada nas catro provincias galegas, e non o logramos.

Meses atrás intentamos tamén aproveitar a excelente distribución de aulas mentor



 **Grupo Parlamentario**

polo noso país para poñelas a disposición da formación do profesorado galego, e tampouco fomos quen de conseguilo.

Por iso, e diante da nova situación política que vimos de describir, os deputados e deputada asinantes preguntan:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Ten previsto o Goberno galego crear en Lugo e Ourense o denominado bacharelato internacional?

2ª) Considera o Goberno galego que as dúas provincias da Galicia interior (Lugo e Ourense) están sendo discriminadas nesta cuestión?

3ª) E finalmente, pensa o Goberno galego aproveitar as aulas mentor espalladas polo territorio para facilitar a formación do noso profesorado?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 22/01/2016 13:52:19

María Concepción Burgo López na data 22/01/2016 13:52:30

Emilio Vázquez Blanco na data 22/01/2016 13:52:34

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 29.04.2016

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 49316(09/POC-007363)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio e 6 máis

Sobre a inclusión, na listaxe de vacantes para o Concurso xeral de traslados entre o persoal funcionario docente do ano 2016, dunha praza da especialidade de "Conservación e Restauración de Documento Gráfico" na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

Publicación da iniciativa, 631, 14.04.2016



Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez, Daniel Rodas Chapela, Francisco Xesús Jorquera Caselas, Ana Belén Pontón Mondelo, María do Carme Adán Villamarín, Montserrat Prado Cores e Tereixa Paz Franco, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á provisión dunha praza da especialidade “Conservación e Restauración do Documento Gráfico, na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza”.

A Consellería de Educación publicou as vacantes provisionais para o Concurso Xeral de Traslados, convocado pola orde do 13 de xaneiro de 2016, pola que se convoca concurso de traslados entre o persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de Educación.

Na listaxe de vacantes para o Concurso Xeral de Traslados (publicada o día 8 de marzo) aparece unha praza para a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza, no corpo 595 na especialidade 506 “Conservación Restauración de Documento Gráfico.

Causa sorpresa dita vacante por canto nin se impartía na Escola Superior de Conservación, nin está creada tal especialidade, nin foi solicitada polo centro, nin pola inspección educativa.

Causa sorpresa, ademais, a adxudicación provisional desta vacante posto que non existía cando rematou o prazo para poder concursar.



Ante esta enorme sorpresa, a Dirección e profesorado da Escola síntese indignados e denuncian a irregularidade desta proposta de vacante que non responde a unha necesidade xustificada e que prexudica á organización xeral do centro e á transparencia que se agarda do sistema de adxudicación de vacantes.

Tamén a CIG-Ensino (sindicato maioritario do ensino), denuncia a irregularidade desta proposta de vacante, que ven a encubrir un enchufe clamoroso e un gravísimo feito irregular que vai en contra do funcionamento democrático e transparente da Administración educativa e que prexudica claramente a calidade do ensino público.

Mesmo a Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, por unanimidade, condena a actitude antidialogante e a falta de transparencia da administración educativa para tratar de favorecer a unha persoa concreta creándolle unha praza “ad hoc”.

Tanto a Escola como a CIG-Ensino e a Xunta de Persoal Docente de Pontevedra reclaman a anulación de dita vacante e a conseguinte cancelación da adxudicación provisional á persoa implicada.

O Grupo Parlamentar do BNG comparte, tanto a indignación como a denuncia: da Dirección e profesorado da Escola, da CIG-Ensino e da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra por entender que estamos ante un feito gravísimo cal é a adxudicación dunha vacante de xeito irregular e de xeito caciquil para favorecer a unha persoa determinada, co cal se elimina o principio de igualdade de oportunidades diante do Concurso Xeral de Traslados.

O G.P. do BNG entende que as prácticas corruptas non son admisíbeis no ámbito da Administración pública; administración que non pode crear unha praza *ex-profeso* para unha persoa en concreto, sen xustificación académica e mesmo prexudicando a outros/as profesores/as do centro.

Estas son as razóns polas que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta



oral en comisión:

1.- É consciente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do malestar da Comunidade Educativa da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza diante da proposta de vacante do corpo 595 na especialidade 506 “Conservación Restauración de Documento Gráfico?”

2.- Cal foi a razón para ofertar unha praza vacante (Conservación Restauración de Documento Gráfico) para o Concurso Xeral de Traslados que non existe na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza ?

3.- Considera a Consellería de Educación normal ofertar unha praza dunha especialidade que nin existe, nin foi reclamada polo centro nin pola Inspección educativa ?

4.- Cal é a razón pola que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, unha vez rematado o prazo para poder concursar no Concurso Xeral de Traslados, publica unha praza vacante dunha especialidade que non existe na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza ?

5.- Cal a razón pola que non oferta ningunha vacante das especialidades existentes na Escola ?

6.- Que cualificación lle merece á Consellería de Educación a adxudicación á directora do MUPEGA , mediante o Concurso Xeral de Traslados, dunha praza dunha especialidade inexistente na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza?

7.- Qué medidas pensa tomar a Consellería de Educación diante das reclamacións da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza e máis da CIG-Ensino?

8.- Qué medidas ten pensado a Xunta de Galiza para garantir a Igualdade de



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2016 12:59
Nº Rexistro: 49316
Data envío: 07/04/2016 12:59:35.095



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oportunidades de todo o profesorado que participa no Concurso Xeral de Traslados?.

9.- Qué medidas para garantir a transparencia na adxudicación de vacantes?

10.- Ten pensado a Consellería de Educación algunha medida para favorecer a organización xeral da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza, algunha medida a favor de implementar a calidade educativa da Escola, algunha medida a favor da integración da Escola no Sistema Universitario de Galiza.?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2016

Asdo.: **Cosme Pombo Rodríguez**

Daniel Rodas Chapela

Ana Belén Pontón Mondelo

María do Carme Adán Villamarín

Montserrat Prado Cores

Tereixa Paz Franco

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 07/04/2016 12:56:53

María Monserrat Prado Cores na data 07/04/2016 12:57:01



BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2016 12:59
Nº Rexistro: 49316

Data envío: 07/04/2016 12:59:35.095

María Tereixa Paz Franco na data 07/04/2016 12:57:03

María do Carme Adán Villamarín na data 07/04/2016 12:57:05

Ana Belén Pontón Mondelo na data 07/04/2016 12:57:07

Daniel Rodas Chapela na data 07/04/2016 12:57:09

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 07/04/2016 12:57:12

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 29.04.2016 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 29.04.2016

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 49008(09/PNC-004090)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de incluír no currículo de Galicia a elaboración de unidades didácticas e materias curriculares para o estudo e a difusión dos valores patrimoniais da Ribeira Sacra

Publicación da iniciativa, 626, 06.04.2016

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Xa van vinte anos dende que o 16 xullo 1996 fora rexistrada a proposta da candidatura da Ribeira Sacra, para o seu recoñecemento pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade, sendo a máis antiga das entradas da “listaxe indicativa de bens e sitios excepcionais” correspondente a España.

A extraordinaria riqueza do Patrimonio Cultural e Natural desta área xeográfica pertencente a 21 concellos das provincias de Lugo e Ourense, son máis que suficientes para acadar a distinción dada Unesco, sempre que se dea o paso previo e indispensable, da súa declaración como Ben Interese Cultural, para o que tamén conta con todos os requisitos.

A distinción do organismo suporía o recoñecemento e apreciación da Ribeira Sacra pola Comunidade Internacional, e o acceso a novas fontes de financiamento para a promoción e preservación dos bens, que destina a Unesco para os lugares declarados tal.

A declaración de Patrimonio Mundial axudaría á revitalización económica deste territorio que se atopa entre os máis castigados polo despoboamento, a gran lacra da Galicia interior.

Para acadar o éxito da candidatura, é preciso que Xunta poña todo o seu esforzo, non só, na aplicación da lei e das medidas de protección patrimonial, se non tamén na implicación e sensibilización das xentes que viven na Ribeira na súa posta en valor, defensa, conservación e mellora.



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2016 11:31
Nº Rexistro: 49008
Data envío: 31/03/2016 11:31:12.698

A protección e defensa do Patrimonio, é efectiva, cando as persoas que conviven con el o aprecian e valoran, pero non se pode valorar e apreciar o que non se coñece.

Por elo, a Xunta de Galicia debe incluír o estudo do conxunto dos valores patrimoniais da Ribeira Sacra, entre os obxectivos dos distintos niveis do ensino, nos centros de estudo deste territorio.

É a través do ensino como podemos conseguir o coñecemento necesario para a valoración do patrimonio herdado e así, garantir a súa mellor defensa e protección no futuro.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a constituír un grupo de traballo que dirixa e coordine a elaboración de unidades didácticas e materias curriculares para o estudo e difusión dos valores patrimoniais, culturais, medio ambientais e históricos da Ribeira Sacra no seu conxunto, de cara a súa incorporación no Currículo de Galicia, nomeadamente dos 21 concellos que conforman a Ribeira Sacra, e o deseño de actividades formativas específicas para o profesorado nesta materia.”

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2016

Asdo.:
Carmen Iglesias Sueiro
Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

2



GRUPO MIXTO

PARLAMENTO DE GALICIA

Carmen Iglesias Sueiro na data 31/03/2016 11:30:46

